# Mouriscade

## Roteiro do Castro de Doade

PR-G
210

O roteiro do Castro de Doade ten inicio e fin no Museo Etnográfico da "Casa do Patrón". Este centro impulsa multitude de actividades culturais arredor dos costumes e tradicións do rural galego. Promoveu tamén a escavación do Castro de O Penedo en diversas campañas con bos resultados en canto as estruturas das edificacións atopadas e gran cantidade de material arqueolóxico recollido. Boa parte del exponse no museo.



O río Asneiro é o eixo arredor do que xira o roteiro. Destacan os muíños e as pontes que iremos atopando e que son mostras destacadas de arquitectura popular. Tamén é importantísima a súa vexetación de ribeira que está moi ben conservada. A primeira parte da andaina vai río arriba, pasa polo rego da Abeleda e chega ao muíño de Froiz.

O muíño da familia Froiz de San Fiz da Xesta é un lugar dun gran valor etnográfico e paisaxístico. Trátase dun muíño de tres moas que se atopa nun excelente estado de conservación grazas ao coidado dos seus propietarios.